



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Jesús Alfaya Fernández
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Carlos F. González Salgueiro
D. Alfonso Luis López Otero
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. José Veiga García (CC.OO.)
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. José Manuel García Vázquez

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vinteun de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 21 de xaneiro de 1999**, ás 10.00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (11.12.98).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Reforma parcial da RPT do Persoal funcionario.
- 4º.- Aprobación, se procede, do protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Galego de Arte Contemporánea.
- 5º.- Aprobación, se procede, para a súa remisión ó BOE do cambio de denominación das materias de Dereito Comunitario (troncal e obrigatoria) de 3º de Dereito (Ourense).
- 6º.- Aprobación, se procede, de delegación na COAV da resolución das reclamacións ás denegacións de validacións nos Centros.
- 7º.- Proposta relativa á enquisa de avaliación docente do profesorado.
- 8º.- Aprobación, se procede, da convocatoria especial de bolsas de 3º Ciclo.
- 9º.- Aprobación, se procede, do convenio con FEUGA para a Xestión económica delegada dos contratos de I+D.
- 10º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 1999.
- 11º.- Concesión de Premios extraordinarios de Doutoramento.
- 12º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, apróbase a acta da sesión do 11 de decembro de 1998, coa alegación do profesor Tojo, que xa queda recollida na redacción definitiva.

No **punto 2**, O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa sobre os nomeamentos de:

-D. Martín Llamas Nistal, como Director da área de "Tecnoloxías da informacións e as comunicacións.

-D. José Antonio Fraiz Brea, como Decano Comisario da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.

-D. José Durany Castrillo, como Director Comisario da Escola Superior de Enxeñería Informática de Ourense.

Tamén informa sobre:

-O procedemento seguido nos nomeamentos dos Directores/Decanos Comisarios e sobre as súas competencias.

-Sobre os membros da Comisión de Biblioteca, sector alumnos/as que quedaran pendente (Xunta de Goberno do 11.12.98):

--D^a Estela María Fernández Carrera (da Facultade de Humanidades de Vigo),

--D. Alexandre Ínsúa Moreira (da Facultade de Humanidades de Vigo),

--D. Marcos Cid Cid (da Facultade de Ciencias de Ourense), e

--D. Rubén Garrido Bernárdez (da Sección Delegada de Vigo da Facultade de Dereito).

-Sobre as conversas mantidas coa COTOP, Concello e Deputación de Pontevedra en relación coa ordenación do Campus de Pontevedra; a proposta será presentada na primeira xuntanza do Consello de Campus.

De Seguido o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo pide ós membros da Xunta que se trate o **punto 9** antes do **punto 3**, xa que o Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía, vai ter que ausentarse ás 12 horas.

Trátase o **punto 9**.

O Vicerrector de Desenvolvemento e Transferencia de Ciencia e Tecnoloxía, D. Pedro Merino Gómez, resume o convenio con FEUGA para a "xestión económica delegada dos contratos de I+D".

O profesor Rodríguez Berrocal pide aclaracións e pregunta se isto vai supoñer a privatización da xestión dos proxectos; respondese que non pero que é convinte pasar a FEUGA temporalmente a xestión económica e que a Oficina de I+D se dedique á intermediación e á transferencia.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor...	28 votos
-en contra...	1 voto
-abstencións...	10

Apróbase a sinatura do convenio con FEUGA para a "xestión económica delegada dos contratos de I+D".

No **punto 3** o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo explica que o equipo de goberno acepta o resultado da negociación coa Xunta de Persoal.

O acordo elimina os atrancos á reforma que se pretende negociar e deixa máis para adiante a discusión sobre os aspectos de fondo; di que é importante mante-lo desexo de reforma e a vontade de diálogo. O equipo segue na crenza de que é imprescindible traballar nunha reforma administrativa que afonde na profesionalización do PAS consonte co programa electoral.

O Rector, D. Domingo Docampo Amoedo pide o voto por asentimento a unha transformación da RPT que permite encarar unha reforma a fondo o día de mañá, e que ó tempo garante a posibilidade de comezar experiencias piloto conducentes a xustifica-la conveniencia de cambio.

Intervén o presidente da Xunta de Persoal, D. José Luis Gómez Reboiro quen explica as mobilizacións das últimas datas.

A Xunta de Persoal entende que calquera reforma administrativa é inviable se non ten o acordo das persoas que a teñen que levar a cabo; agradece o apoio dos representantes do PAS, do PDI e de membros da Xunta de Goberno e se felicita polo acordo acadado que se somete a aprobación.

O profesor Corbacho Rosas apoia esta reforma puntual e di que este tema debería ser tratado nunha ampla Comisión da Universidade, onde se estudie cal tería que se-la estrutura administrativa da Universidade.

O profesor Rodríguez Berrocal congratúlase do acordo final e opina que o equipo de goberno ten que propiciar un debate amplo e global sobre o modelo xeral.

O Sr. Rotea Villanueva considera positiva que esta Xunta de Goberno poida ratificar un acordo de consenso e opina que isto é un inicio no camiño na descentralización da xestión.

O Xerente, D. Julio Taboada Pérez informa sobre as datas previstas para o concurso de traslado e os procesos de promoción interna e di que se sente satisfeito co nivel de interlocución acadado.

O profesor Reigosa Roger súmase ás felicitacións a ambas partes polo acordo; di que aínda non se dispón da estrutura administrativa acorde coa institución e que é preciso un debate no tema.

O profesor Vilas Martín maniféstase neste mesmo sentido.

O Sr. Alfaya Fernández pregunta pola praza de Xefe de Negociado de Rexistro.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor...	31 votos
-en contra...	2 votos
-abstencións...	3

Apróbase a proposta:

-a supresión das prazas:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL	PROVISIÓN
1 xefe de área de coordinación (Xerencia)	A/B	28	LD
2 xefes de programa (Xerencia)	A/B	26	C
2 coordinadores de campus	A/B	26	C

-a creación das seguintes prazas, coas funcións establecidas no artigo 122 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

DENOMINACIÓN	GRUPO	NIVEL	PROVISIÓN
1 administrador de centros (campus de Ourense)	A/B	26	C
1 administrador de centros (campus de Pontevedra)	A/B	26	C
3 administradores de centros (campus de Vigo)	A/B	26	C

-a creación dunha praza de Xefe de Negociado de Rexistro no campus de Vigo, con NCD 18 e provisión por concurso.

No **punto 4**, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez presenta o "protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Galego de Arte Contemporánea".

O profesor Surís Regueiro di que nos planos de estudos da Facultade de Económicas non se recoñece a posibilidade que aparece no punto 1 do texto e sen embargo o Centro aparece no listado.

Despois das intervencións de varios membros da Xunta de Goberno, o Vicerrector propón que aparezan na lista só aquelas titulacións onde se recoñeza esa posibilidade no plano de estudos.

Apróbase por asentimento o protocolo de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Centro Galego de Arte Contemporánea con esta modificación (anexo I).

No **punto 5**, apróbase por asentimento a remisión ó BOE do cambio de denominación das materias de Dereito Comunitario, (troncal e obrigatoria de 3º de Dereito (Ourense), para a súa remisión ó BOE, pasando a chamarse: "Dereito Comunitario (troncal), Institucións de Dereito Comunitario (7 créditos)" e "Dereito Comunitario (obrigatoria), Dereito Comunitario (5 créditos)".

No **punto 6**, fai a proposta de "delegación na COAV da resolución das reclamacións ás denegacións de validacións nos Centros" o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez.

O Sr. Alfaya Fernández pregunta cantos casos hai agora pendentes de decidir; respondese que 2.

O Sr. Álvarez Moreira di que non lle parece xusta esta delegación e informa que, en caso de aprobarse, en próximas sesións solicitará delegación na Comisión que proceda de tódolos asuntos de profesorado.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-a favor...	25 votos
-en contra...	3 votos
-abstencións...	9

Apróbase a delegación na COAV da resolución das reclamacións ás denegacións de validacións nos Centros.

No **punto 7**, o Vicerrector de Docencia e Alumnado, D. Juan M. Suárez Creo explica a proposta que se recolle na documentación xustificada por un desaxuste entre o modelo de enquisa e a normativa vixente e pola apatía observada no alumnado e o escepticismo no profesorado.

Os Sres. Alfaya Fernández e Álvarez Moreira e os profesores Tojo Suárez e Rodríguez Berrocal opinan que debe facerse a enquisamentres non se dispoña doutro modelo mellor.

O Sr. Martínez Cacharrón di que deber terse unha coherencia entre a normativa e o modelo de enquisa e que deber regularse o acceso de tódolos membros da comunidade universitaria.

Os profesores Costas González e Membiela Iglesia e o Sr. Pérez Gómez, súmanse á proposta de moratoria dun ano feita polo Vicerrector.

O Sr. Frieiro Barros non considera grave a suspensión das enquisas durante un ano e di que os Centros dispoñen doutras medidas de control das obrigas docentes.

Intervén o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo para explicar que ante a ausencia de bases de datos que fan imposible sacar conclusións relevantes e ante a falta de claridade no procedemento levado a cabo na selección de persoal e na tramitacións de gastos aparelados, considera convinte establece-la moratoria proposta, traballar nun novo modelo de enquisa e estudar un mellor tratamento dos resultados.

O profesor Reigosa Roger di que considera que a enquisa é boa para a Universidade pero coincide plenamente co diagnóstico do equipo rectoral; pide que se estudie se é tecnicamente posible que o curso actual se incorpore ás enquisas que se fagan o vindeiro.

O profesor Outes Ruso pide que conste en acta que non está de acordo coa supresión da enquisa durante un ano; opina que non deben concederse quinquenios a profesores con suspensos reiterados.

A profesora Alonso Escontrela di que aínda que é mellorable, a enquisa actual responde ós obxectivos fundamentais.

Os profesores Mazaira Castro e Membiela Iglesia e o Sr. López Otero ven positiva a proposta do Vicerrector e o profesor Candelas Colodrón pide que as Comisións competentes comecen pronto a traballar.

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor di que na confección do modelo debe terse en

conta o sistema educativo no que estamos inmersos e a carga psicolóxica existente.

O profesor Durany Castrillo di que este asunto enmarcárase dentro dun problema global de avaliación docente, comparte a opinión xeneralizada de apatía e escepticismo e di que non se deben gastar máis recursos en algo que non está funcionando ben.

Sométese a votación a proposta de establecer unha moratoria dun ano para que as Comisións de Claustro e de Xunta de Goberno procedan á revisión da normativa e dos obxectivos; acórdase que nos casos en que sexa posible, o curso actual sexa incluído en avaliacións posteriores; resultado:

-a favor...	35 votos
-en contra...	1 voto
-abstencións...	4

Apróbase, sobre a "enquisa de avaliación docente do profesorado", o establecemento dunha moratoria dun ano para proceder, por parte das Comisións de Claustro e Xunta de Goberno, á revisión tanto da normativa como da exposición e obxectivos das mesmas.

No **punto 8**, O Vicerrector de Investigación, D. Salustiano Mato de la Iglesia fai un resumo da convocatoria especial de bolsas de 3º ciclo, que fora aprobada en Comisión de Investigación.

O profesor Rodríguez Berrocal pregunta polas cantidades asignadas a esta convocatoria.

O profesor Tojo Suárez pregunta se nunha modalidade C poderían incluírse bolsas post-doutorais; defende tamén a idea das bolsas cofinanciadas co equipo de investigación por considerar que este é un aspecto moi interesante tanto para o equipo como para o bolseiro.

O Sr. Álvarez Moreira propón engadir un límite temporal na modalidade B

O profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor defende a cofinanciamento e di que é inxusta a consideración do expediente académico por comparación entre titulacións.

O Vicerrector di que a cofinanciamento será considerado na convocatoria ordinaria e aclara que xa se está a considerar a nota media da titulación e que en todo caso, garante un mínimo de bolsas por tipo de bolsa e por ámbito.

O profesor Candelas Colodrón di que debería indicarse o número de bolsas totais e pide que se aclare o antes posible que se entende por compatibilidade co exercicio da docencia "nos termos" que estableza a Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho Rosas propón que no último parágrafo de "condicións de disfrute" se suprima "dentro do grupo".

O profesor Rodríguez Berrocal considera mellor a seguinte redacción para ese parágrafo:

"Una vez lida a tese, manterase a condición de bolseiro sempre e cando continúe desenvolvendo labores de investigación na Universidade de Vigo".

Apróbase por asentimento a convocatoria especial de bolsas de 3º Ciclo co modificación anterior (anexo II).

No **punto 10**, o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández fai

a presentación da convocatoria xeral e de cada un dos programas de axudas de extensión universitaria para o ano 1999, que foi aprobada por unanimidade na Comisión de Extensión Universitaria.

O profesor Barreiro Alonso pide aclaracións sobre a remuneración das conferencias e sobre a expedición dos diplomas.

O Sr. Gómez Soler considera que non é necesario o aval do órgano competente e propón unha exención parcial de taxas para os bolseiros.

O Sr. Martínez Cacharrón di que nos cursos debe figurar un programa de contidos.

Despois das intervencións de varios membros da Xunta de Goberno, sométese a aprobación o texto coas seguintes modificacións:

"Supresión da introducción xeral e da introducción do apartado de asociacións";
 "Que figure a obriga de actualiza-lo censo de asociacións que será revisado anualmente";
 "Eliminar 'últimos dous anos' do apartado 2 na modalidade B do censo de asociacións"; e
 "Exención dun 75% das taxas ós bolseiros do MEC nos cursos complementarios".

Apróbase por asentimento o novo texto (anexo III).

No **punto 11**, o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa das propostas de Premios extraordinarios de Doutoramento chegadas dos tribunais respectivos.

Di que en Enxeñería Industrial e en Belas Artes, o tribunal concedeu dous premios cando só se poder dar un e propón que a proposta volva ó tribunal que ten a responsabilidade de decidir quen merece o premio; ademais aclara que en Telecomunicacións falta un premio.

Apróbase a concesión dos seguintes Premios extraordinarios de Doutoramento:

Doutoramento en Bioloxía:

D. Ángel Sebastián Comesaña Calvo e D^a Amelia Virginia González Porto;

Doutoramento en Química:

D^a Rosana Álvarez Rodríguez;

Doutoramento en Ciencias do Mar:

D^a Irene Alejo Flores;

Doutoramento en Física:

D. Eduardo García Parada;

Doutoramento en Ciencias Económicas e Empresariais:

D. Tony Crespo Franco e

D^a Dolores Garza Gil;

Doutoramento en Enxeñería de Telecomunicacións:

D. José Óscar Rubiños López;

Doutoramento en Psicopedagogía:

D^a M^a Dolores Dapia Conde.

No **punto 12** Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. **VÍCTOR M. MARTÍNEZ CACHARRÓN**.- Pregunta polos espazos en Bibliotecas ou en salas de lecturas abertos pola noite en época de exames.

-D. **EUSEBIO CORBACHO ROSAS**.- Roga que os PODs estean na páxina web.

-D. **ALFONSO LÓPEZ OTERO**.- Súmase a pregunta do Sr. Martínez Cacharrón no Campus de Ourense e pregunta porque a documentación relativa ás eleccións de Consello de Campus de Ourense se tramita nos Centros.

-D. **J. ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA**.- Roga que figuren na acta as respostas das preguntas e pregunta polas convocatorias por correo en períodos non lectivos.

Roga ó Sr. Rector que responda a tódalas preguntas que se lle fixeron en anteriores sesións e que aínda non respondeu

-D. **ENRIQUE BARREIRO ALONSO**.- Pregunta pola iluminación no Campus de Ourense.

-D. **MANUEL J. REIGOSA ROGER**.- Roga que se estudie a posibilidade de dispor dalgún tipo de taboleiro electrónico onde poida seleccionarse a información para non recibir todos de todo o que se envía; roga que se asinen os escritos.

-D. **ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER**.- Pregunta pola renovación da tarxeta universitaria e polo "anuario do estudante".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 16.30 h. do día 21 de xaneiro de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo